



## FICHA RESUME

PE 403A 2008/61-5

Ano	2009
Entidade	ASOCIACIÓN DE MARISCADORES "PEDRA DE OLIVEIRA" DE VILABOA
Plan explotación <sup>(1)</sup>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime <sup>(2)</sup>	LIBRE MARISQUEO
Modalidade <sup>(3)</sup>	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ) e reloxo ( <i>D.exoleta</i> ).
Ambito do plan	Bancos intermareais dende o peirao de San Adrián ata Punta Cabalo. (* Bancos intermareais na zona de libre marisqueo comprendida entre a ponte de Rande e o peirao de Santo Adrián
Subzonas de explotación	<ul style="list-style-type: none"> <li>San Adrián: dende o peirao de San Adrián ata o río de Río Maior.</li> <li>Río Maior: dende o río de Río Maior ata o peirao de Sta. Cristina de Cobres.</li> <li>Deilán: dende o peirao de Santa Cristina de Cobres ata Punta Pereiro.</li> <li>Cabalo: dende Punta Pereiro ata Punta Cabalo.</li> <li>(* Aradoiro e Calera</li> </ul>

## Mariscadoras/es a pé

61

Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>	Si, baixo determinadas condicións que deberán ser aceptadas pola entidade	
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
15		

## Calendario de explotación

Días máximos de extracción	160, baixo determinadas condicións. (* Aradoiro e Calera: 10 días
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>	: de xaneiro a decembro. A explotación todo o ano estará condicionada á presentación e aceptación dunha proposta detallada de rotación das zonas, na que se indique mes a mes os bancos a explotar e as especies, de xeito que se demostrase o período de descanso de cada banco marisqueiro.
(*) Para os bancos de Aradoiro e Calera a explotación desenvolverase durante 10 días (de xaneiro a decembro, cunha veda nos meses de maio e xuño)	

Modalidade<sup>(3)</sup>: A PÉ

xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Especies	A pé (kg/mariscadora/día)	(* Aradoiro e Calera A pé (kg(mariscadora/día)
Ameixa babosa	1 kg	1 kg (**)
Ameixa fina	2 kg	2 kg
Ameixa xaponesa	10 kg	3 kg
Berberecho	10 kg	4 kg

(\*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición

(\*\*) Modificado por Resolución do 15 de maio de 2009 da D. X. de Ordenación e Xestión



<b>Especies</b>	<b>A pé (kg/mariscadora/día)</b>	<b>(*) Aradoiro e Calera A pé (kg(mariscadora/día)</b>
Reloxo	5 kg	-

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

<b>Artes a empregar</b>	Sacho, legón, angazo
-------------------------	----------------------

<b>Puntos de control</b>	Punta Cabalo, Lonxa de Sta. Cristina, San Adrián
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Sta. Cristina e Vigo.

<b>Accións a realizar <sup>(7)</sup></b>	<b>Epcas probables <sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas: Deilán												
Especies: berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												
Zonas: cultivo sobreelevado e engorde en parque												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

ÁMBITO DO PLAN: Os bancos intermareais da ría de Vigo foron xestionados dende o ano 2000 pola Asociación de confrarías da Ría de Vigo, e anteriormente de xeito conxunto pola O.P.P. 38 actualmente desaparecida, ou a través de plans conxuntos entre esta organización e confrarías.

Os plans presentados pola Asociación de Confrarías da Ría de Vigo, indicaban que todas as mariscadoras (excepto as novas incorporacións do ano 2006) podían traballar en tódolos bancos intermareais, xa que "consideraban tódalas zonas como de libre marisqueo para os integrantes do plan". Sen embargo, na práctica cada confraría ou entidade formulaba as propostas de traballo a través da Asociación, e cada colectivo de mariscadoras traballaba nos bancos intermareais situados no ámbito de cada confraría, excepto nas seguintes zonas nas que

(\*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición

(\*\*) Modificado por Resolución do 15 de maio de 2009 da D. X. de Ordenación e Xestión



exercian a actividade mariscadoras de varias entidades:

- 1) Da Ponte de Rande ata o Peirao de San Adrián: en donde están os bancos de Aradoiro e Calera, nos que traballan mariscadoras da confraría de Moaña e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- 2) De Punta Cabalo á pedra dos Caralletes, nos bancos de O Cunchido e Larache e donde traballan as mariscadoras de Arcade e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- 3) Illa dos Ratos, banco traballado polas mariscadoras da confraría de Moaña.

Para o ano 2009 as confrarías que integran (ou integraban) a Asociación de confrarías da Ría de Vigo presentan individualmente plans de explotación, o que dá lugar a solapamentos entre os diversos plans propostos. No caso que nos ocupa, a Asociación de mariscadores de Vilaboa solicita como zona de produción os bancos de Pedra dos Carralletes ata a ponte de Rande; sen embargo a zona comprendida entre Punta Cabalo e pedra dos Caralletes, donde están os bancos de O Cunchido e Larache, tamén está incluída no plan de explotación presentado pola confraría de Arcade por estar dentro do seu ámbito territorial. En ambos plans acordan reunirse ambas partes para solicitar as aperturas mensuais para os bancos de O Cunchido e Larache.

Dende o ano 2005 intentouse que as aperturas na zona de O Cunchido foran consensuadas entre o colectivo de mariscadoras de Vilaboa e Arcade dado que son zonas nas que tradicionalmente traballaban as primeiras, aínda que entraban dentro dos bancos do ámbito da confraría de Arcade. Xa dende o ano 2007 e 2008 as solicitudes de apertura para a zona dende O Cunchido ata a pedra dos Caralletes foron realizadas pola Asociación de confrarías, previo acordo entre representantes das mariscadoras da confraría de Arcade e da Asociación profesional “Pedra da Oliveira” de Vilaboa.

Ante a falta de acordo entre as as confrarías de Arcade e a Asociación de mariscadoras de Vilaboa polo ámbito do plan de explotación, e tendo en conta que:

1. O alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afectará *unicamente á determinación do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance*, segundo se establece no artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.
2. A zona en cuestión non é autorización de ningunha das entidades, e o seu aproveitamento en exclusiva debe garantir os dereitos de terceiros afectados.

Resólvese que, mentres non exista un acordo sobre o ámbito do plan entre ambas entidades, **a zona entre Punta Cabalo e Pedra dos Caralletes** (zona de produción: **bancos de Cunchido e Larache**) **sexan sometidos a plan específico de explotación**. A Delegación Territorial elaborou a proposta de plan para esta zona de libre marisqueo que inclúe as medidas de xestión que permitan acadar unha óptima produción. Tales medidas son as recollidas na Orde que aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2009 e a ficha técnica correspondente. As aperturas mensuais do plan de explotación serán autorizadas pola Delegación Territorial, previa **petición conxunta** das entidades interesadas na explotación na que se realizará unha proposta de días, especies e topes de captura, así como número de mariscadoras de ambas organizacións..

(\*) O **ámbito do plan de explotación** da Asociación de mariscadores “Pedra da Oliveira” de Vilaboa quedaría como: **bancos intermareais do peirao de San Adrián ata Punta Cabalo. Tamén se inclúen os bancos intermareais na zona de libre marisqueo comprendida**

(\*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición

(\*\*) Modificado por Resolución do 15 de maio de 2009 da D. X. de Ordenación e Xestión



**entre a ponte de Rande e o peirao de Santo Adrián (Aradoiro e Calera), estando condicionado a que se respecten os dereitos das mariscadoras doutras zonas que traballan nela.**

ESPECIES: O longueirón vello exclúese do plan de explotación por tratarse dun recurso que require para a súa explotación dun plan para recursos específicos

En relación coa **proposta de ampliación do número de permisos de explotación**, e tendo en conta que:

- a) Dende a ampliación do número de permisos no ano 2006 só tiveron lugar 4 baixas.
- b) A avaliación biolóxica indica que a CPUE descendeu e os controis de tallas en lonxa amosan un descenso progresivo en distintas especies ao longo da campaña. Así, na ameixa xaponesa a evolución foi do 100% ao 54% de tallas legais, na ameixa fina do 98% ao 74% de legais e do berberechos non se aportan datos.
- c) As mostraxes realizadas nos bancos amosan un descenso xeral da biomasa das especies explotadas nos distintos bancos.
- d) Solicitan traballar todo o ano, pero a rotación de bancos non está xustificada xa que no calendario non se establecen as zonas e especies as que se adicarán cada mes.

Só se pode **considerar axeitada a ampliación** do número de prazas proposto si se toman **medidas de xestión que reduzan a presión** pesqueira sobre os bancos. Así no caso de **incrementar 15 novas mariscadoras/es**, poderían autorizarse como máximo **125 días** e debería respectarse unha **veda de 2 meses** consecutivos entre abril e xuño.

Agora ben, se a entidade decide **manter o esforzo** existente, aprazando o incremento do número de mariscadoras ata que as condicións da explotación sexan máis favorables, poderían autorizarse **160 días** entre **xaneiro e decembro**, sempre que **xustifiquen axeitadamente a rotación** dos bancos, tal e como se indica no apartado relativo ao calendario.

A entidade deberá **manifestar por escrito se pretende continuar coa proposta de ampliación** do número de permisos o que supón reducir a presión extractiva sobre os bancos diminuindo o número de días a 125 e o respecto dunha veda de 2 meses, **ou ben se espera á evolución da campaña do ano 2009 antes de volver a plantexar a ampliación**, o que suporía poder autorizar 160 días como máximo, e traballar de xaneiro a decembro sempre que xustifiquen a rotación dos bancos.

Con respecto aos **topes de captura**, redúcense na ameixa fina a 2 kg/mariscadora e na ameixa babosa a 1 kg/mariscadora. No caso de que as mostraxes ou controis de tallas en lonxa indiquen unha biomasa elevada de individuos de tamaño antirreglamentario, poderían diminuírse os topes autorizados.

En relación co calendario, o plan de explotación propón un calendario de traballo de 12 meses en base á rotación dos bancos, de xeito que cada subzona descansaría un mínimo de 5 meses consecutivos ou máis. Sen embargo, **a eliminación do período de vedas require dunha xustificación na que se desenvolva unha descrición detallada de cómo se vai realizar a rotación**, polo que **non se acepta o calendario proposto (de xaneiro a decembro)** mentres non se presente unha descrición detallada da rotación dos bancos, indicando mes a mes os bancos que se abrirían e pecharían, e as especies que se extraerían, de xeito que se demostre o período de descanso de cada banco marisqueiro. Deberá terse en conta que a explotación dos bancos de Larache e Cunchido debe ser consensuada coa confraría de Arcade.

(\*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición

(\*\*) Modificado por Resolución do 15 de maio de 2009 da D. X. de Ordenación e Xestión



No caso de non presentarse ou non considerarse favorable o novo calendario coa proposta detallada de rotación, deberá respectarse unha veda de 2 meses consecutivos entre abril e xuño.

Con respecto á rexeneración de zonas improdutivas: non se considera axeitada a recuperación do banco sublitoral de navalla en Rande mediante descompactación, por non ser un recurso nin un banco autorizado dentro do presente plan. Por outra banda a recuperación dunha zona intermareal en San Adrián próxima ao río de Río Maior non se pode valorar por non concretar o tipo de actuación e a metodoloxía a empregar.

A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...
- (2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
- (3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
- (4): Indicar en negrita o que corresponda
- (5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....
- (6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
- (7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
- (8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
- (9): Este apartado corresponderalle cubrilo á administración

(\*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición

(\*\*) Modificado por Resolución do 15 de maio de 2009 da D. X. de Ordenación e Xestión